

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA
E XUNTA XERAL DE CONFRARÍAS E HERMANDADES DA SEMANA SANTA DE
FERROL PARA A CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA 2016**

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2016

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Pola outra, _____, presidente da Xunta xeral de Confrarías e Hermandades da Semana Santa de Ferrol, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren no artigo 22.5 dos Estatutos da dita asociación aprobados o 15 de decembro de 2014.

E doutra, D. _____, con NIF _____, en nome e representación de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., en adiante ABANCA, con domicilio social na cidade de _____, na súa calidade de Director de Banca Institucional, de acordo coa escritura autorizada polo notario D. _____, o día 4 de xaneiro de 2010.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Qué a Xunta Xeral de Confrarías e Hermandades da Semana Santa de Ferrol, é unha corporación pública colexiada, con personalidade xurídica propia que actúa como órgano de coordinación de todas as Irmandades e Confrarías de Semana Santa.

Dentro da súa función xeral encamiñada ao cumprimento dos fins relixiosos e eclesiais, esta entidade ten entre os seus fins concretos o desenvolvemento das accións conducentes á celebración do Semana Santa.

A Semana Santa de Ferrol é o conxunto de actos de conmemoración da Paixón de Cristo, esta festa foi declarada de interese turístico nacional no ano 1995 e de interese turístico internacional no ano 2014. Nesta celebración fúndense moitos séculos de historia e conta cunha gran participación popular.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Terceiro.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Cuarto .- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- Que non resulta posible promover a concorrência competitiva, xa que Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol, é a única entidade organizadora do evento.

Sexto.- Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 figura a aplicación 04.A2.761A.781.0, *Axudas a festas de interese turístico* código de proxecto 20150005 *Fomento do turismo*, dotada con fondos propios da comunidade autónoma. Con cargo a esta aplicación, a achega da colaboración económica da Axencia Turismo de Galicia para a realización das actuacións establecidas no convenio será 40.000.-€.

Sétimo.- Que ABANCA se compromete a colaborar economicamente no desenvolvemento da Semana Santa de Ferrol mediante unha achega de 10.000.-€.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol para o apoio á celebración da Semana Santa 2016, este evento considérase un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que esta teña unha incidencia directa na divulgación da oferta turística galega, vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país, impulsando así a mellora económica do sector.

A orixe histórica desta festa data do século XVIII. Os actos comezan o Domingo de Ramos e rematan o Domingo de Resurrección. Durante os días de celebración saen á rúa un total de vinte cinco procesións organizadas polas cinco confrarías con sede na cidade. Os días máis destacados son o Xoves Santo e o Venres Santo, nos que milleiros de persoas dispóñense



ao longo das rúas para contemplar os desfiles procesionais das fermosas imaxes dos santos sobre os vistosos tronos adornados de flores.

Unha das procesións con maior participación de confrades é a do Cristo da Misericordia que sae o Xoves Santo con oito pasos nos que toman parte ata 900 mulleres e homes.

O Venres Santo ten lugar o Santo Encontro. O Domingo de Resurrección Xesús resucitado sae ao encontro da súa nai, ademais da procesión da Resurrección na que participa a Orden Terceira.

Nesta anualidade con motivo do seu 400 aniversario, no mes de abril terá lugar un ciclo de concertos de música de bandas así como diversas exposicións conmemorativas durante os meses de xuño a setembro.

Segunda.- Financiamento

O orzamento das actuacións que vai a levar a cabo a Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol para as actividades de promoción da Semana Santa do ano 2016 é de 51.037 .- € nos seguintes conceptos:

CONCEPTO	ORZAMENTO
Reportaxe fotográfico Semana Santa	2 800 €
Reportaxe DVD Semana Santa Ferrol 2016	4 356 €
Revista Ecce Homo (maquetación)	3630 €
Procesionario (maquetación)	1534 €
Cartel (maquetación)	1000 €
Pregón (díptico, detalles e banda)	1500 €
Distribución de revistas, carteis e procesionarios	3337 €
Certame bandas	3000 €
Publicidade en aeroportos	1550 €
Exposición 400 aniversario	10000 €



Anuncios en medios de comunicación	7000 €
Feria Apóstolus	3000€
Exposición no encontro nacional de Semana Santa	3000€
Merchandising	2000€
Edición guía Semana Santa de Ferrol	3330€
Total	51.037€

A Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades que se relacionan con cargo a aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0 “Axudas a festas de interés turístico ” cunha achega de 40.000.-€. A contía restante para completar a execución do proxecto correspóndelle executala á Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol.

Pola súa parte, ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 10.000.-€

A contía restante para completar a execución do proxecto correspóndelle executala á Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol.

Esta axuda ten o carácter de “axuda de minimis” exenta en aplicación do *Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas minimis (DOUE 24.12.2013, L352/1)*

A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia é para posibilitar a realización das actuacións descritas e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

Esta axuda canalizarase a través deste convenio de colaboración, como procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2016. Os pagamentos anticipados serán de ata o 50%, o que supón un importe máximo de 20.000.-€.

Conforme ao artigo 67º2. e 3. do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para poder percibir este anticipo a Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol deberá constituír unha garantía que cubrirá o 110% da cantidade anticipada.

A garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca que deberá acadar como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación do convenio.

Terceira.- Obrigas da Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol

A Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol comprométese a:

1. Levar a cabo as accións obxecto deste convenio realizando as actuacións de celebración e conmemoración da Semana Santa.
2. Incluír en toda a documentación e soportes que se realicen sobre o evento, que este conta coa colaboración da Xunta de Galicia - Turismo de Galicia.
3. Incluír a “Marca Galicia” en todas as actividades de promoción obxecto deste convenio de colaboración.
4. Incorporar o distintivo corporativo de ABANCA nun lugar visible e destacado xunto coa imaxe da Axencia Turismo de Galicia

5. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.

6. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

7. Executar a totalidade do orzamento de 51.037.- €, así como xustificalo.

8. Presentar, con anterioridade á sinatura deste convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Cuarta.- Compatibilidade

A achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Quinta.- Xustificación dos fondos e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve.

A conta xustificativa deberá conter:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

2.1 Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

2.2 Facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil e documentación acreditativa do pagamento.

2.3 De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 23 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

A Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol ademáis deberá presentar:

1.1- Declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 6.1 do regulamento de minimis

1.2-.Declaración de (ademais das axudas de mínimos) “outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades”

1.3 Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e ABANCA así como a “Marca Galicia”.

Así mesmo, deberá enviarse unha certificación bancaria do número de conta para facilitar o ingreso dos fondos.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

A achega de ABANCA será pagado directamente por esta a Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol, unha vez que esta entidade remita á dita entidade o detalle dos soportes publicitarios.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a entidade, como consecuencia da realización de actuacións acordadas co obxecto deste e que se teñan efectuado con anterioridade á súa sinatura, sempre que se trate de gastos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de outubro de 2016.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado pola Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol, un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia e un representante de ABANCA. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima .- Relación contractual

A subscripción deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das

entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividade acordadas.

Novena.- Xurisdición competente

Este convenio de colaboración está excluído do ámbito do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público en cumprimento do establecido no seu artigo 4.c, non obstante, os principios do citado Real decreto lexislativo serán de aplicación para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir, tal e como se establece no citado artigo.

É de aplicación a este convenio o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro que aproba o regulamento que a desenvolve.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicarase a suscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Coa sinatura deste convenio o CTG consinte e autoriza a publicidade dos datos persoais que consten no mesmo, e mailo resto das especificacións contidas nel, no Portal da Transparencia e Goberno Aberto, ao abeiro do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Undécima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 15 de outubro de 2016 e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o remate da súa vixencia para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Xunta de Galicia
A directora de Turismo de Galicia

Pola Xunta Xeral de Confrarías
O presidente

María Nava Castro Domínguez

Por ABANCA

Director de Banca Institucional